

Os grupos de cinco centros educativos de Palas, Touro, Laxe, Melide e A Estrada participan o domingo no festival teatral do IES Antón Losada Diéguez // Actores de 3 a 60 anos poñerán en escena 'Variedades' // Habera un roteiro **TEXTO C. Botrán**

O teatro, como función pedagóxica e integradora

Descubrir as potencialidades do teatro no ámbito escolar, como ferramenta de alto valor pedagóxico, pero tamén integradora é a base na que se sustenta o Festival de Teatro Escolar da Estrada que este ano cumpre a súa cuarta edición e que reunirá a alumnos-actores e profesores de cinco centros educativos de Galicia sobre un mesmo escenario. Nese mesmo escenario interactuarán actores de tres a sesenta anos, porque os docentes tamén forman parte deste entramado experimental e cultural a través do que se pretende visibilizar as potenciais deste xénero.

Os argallantes desta iniciativa presentaron onte, xunto co concelleiro de Cultura estradense, os pormenores deste proxecto educativo e o programa do festival deste ano. Na comparecencia pública que tivo lugar na casa consistorial participaron Alfonso García Penas - a alma mater da iniciativa-, Xosé Eixo e Xosé Lois Fernández, todos eles profesores no Instituto de Ensinanza Secundaria Antón Losada Diéguez (García Penas está actualmente no Instituto de Ensinanza Secundaria de Melide en comisión de servizos). E é que o Festival de Teatro Escolar está organizado precisamente pola Aula de Teatro deste centro estradense, Avelaiñas Teatro, e polo Clube de Lectura Retalladores do galiñeiro.

Os centros educativos que forman parte deste circuito e porán o vindeiro domingo conxuntamente sobre as táboas do Teatro Principal a obra *Variedades* son o Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, a Aula de Teatro do CPI de Touro; a Escola Municipal de Teatro de Laxe, a Aula de



Pola esquerda, Xosé Lois Fernández, Xosé Eixo, Juan Constenla e Alfonso García Penas, onte presentando o festival. Foto: firma

O centro de Secundaria estradense contará coa visita da formación escolar Ideatro de Idanha-a-Nova

O roteiro teatral, poético e musical desenvolverase pola parroquia de Ouzande tamén o domingo

Teatro do centro educativo de Secundaria de Melide Teiroa Teatro e o grupo anfitrión do Instituto estradense Antón Losada Diéguez, Avelaiñas Teatro.

Os coordinadores do proxecto destacaron o aspecto pedagóxico da iniciativa e tamén o aspecto integrador do teatro en si. Neste senso, Alfonso García Penas subliñou que ambos aspectos son "fundamentais" porque no festival interactuarán



nenos, nenas e adultos de diversos centros, "con realidades distintas que convivirán xuntos nun escenario creando un espectáculo conxunto e integrador". Entre os alumnos-actores habera tamén nenos con discapacidades ou con necesidades específicas que sorprenderán ao público "co que son capaces de transmitir".

Para a alma mater do festival, o teatro é unha ferramenta que "fo-

menta o mellor de cada persoa, que é capaz de equilibrar e de potenciar a súa autoestima dende outra perspectiva".

O Festival de Teatro é unha experiencia que se leva facendo dende hai anos e con resultados moi positivos, subliñan. De feito, a iniciativa deste ano xa se celebrou en Palas de Rei e en Melide, e a finais de maio farase en Laxe. Este domingo, o municipio anfitrión é A Estrada e a cita comezará en torno ás once da mañán no Teatro Principal.

Posteriormente, e como engadido ao programa cultural, organizouse un roteiro teatral, poético e musical en Ouzande, no que contarán coa participación da Asociación Cultural A Fervenza de Ouzande. O roteiro terá por finalidade ser unha homenaxe á cultura en toda a súa extensión e prevese finalizar cun xantar de confraternidade entre alumnos dos diversos centros, comunidades educativas, pais, nais e xente en xeral. E é que tanto á función do Teatro Principal como o roteiro está aberta a todo o mundo e é de balde, explicaron onte.

Previamente, este venres, no propio centro educativo os alumnos recibirán a visita do Grupo de Teatro do Agrupamento de Escolas de Idanha-a-Nova (Portugal), Ideatro, que poñerá en escena *A Pantasma de Canterville*, de Óscar Wilde. Este grupo portugués foi fundado en 2013 e do seu elenco, forman parte alumnos da escola con idades comprendidas entre os 10 e os 18 anos de idade (tamén visitarán Laxe). *A Pantasma de Canterville* é o segundo espectáculo que pon en escena esta agrupación. A primeira foi *A historia de max, mix e mex*, de Luis Sepúlveda, un ano despois da súa fundación.

INTERCAMBIO. Os grupos teatrais dos centros implicados no festival participarán, segundo explicaron onte os profesores, do 4 ao 8 de maio na viaxe que fan anualmente. Nesta ocasión, e para corresponder ao convite do grupo de teatro de Idanha-a-Nova, a comitiva realizará unha viaxe a Portugal para actuar en Vila Real, Setúbal e Idanha-a-Nova. Sumaranse a expedición, e según explicaron onte os organizadores, algún neno de Vedra.